



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia os Sres. Ricardo Cao Abad, Manuel Casteleiro e Jesús Miguel Muñoz Cantero.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal para realizar a sesión, o reitor dálle a benvida aos 24 novos membros do Consello de Goberno, cuxa lista le o secretario xeral:

a) En representación do Claustro Universitario:

Sector A (PDI doutor con vinculación permanente):

1. D.^a MARÍA LUISA SÁNCHEZ SIMÓN
2. D.^a PILAR URIZ TOMÉ
3. D. JULIO ERNESTO ABALDE ALONSO
4. D. RICARDO CAO ABAD
5. D. JOSÉ MANUEL BUSTO LAGO
6. D. ANXO RAMÓN CALVO SILVOSA
7. D.^a SABELA RIVAS BARRÓS
8. D.^a ROSA MEIJIDE FAILDE
9. LUIS CASTEDO RIBAS
10. JESÚS MIGUEL MUÑOZ CANTERO

Sector B (restantes categorías de PDI):

1. M.^a DOLORES CANDEDO GUNTURIZ
2. PEDRO GIL MANSO



Sector C (estudantes):

1. ANA BARXA CID
2. FEDERICO GARCÍA GIL
3. JORGE QUINTÁS VILLAR
4. M.^a AMELIA FRAGA MOSQUERA
5. EMILIO F. LAGE RODRÍGUEZ
6. SARA MARTÍNEZ REY

Sector D (persoal de administración e servizos):

1. D.^a MANUELA PINAZAS REGO
2. M.^a CARMEN BARREIRO DAPONTE

b) En representación dos decanos/directores de centro e departamento.

1. JOSÉ RAMÓN MÉNDEZ SALGUEIRO (EU de Deseño Industrial),
substitúe a Gustavo Rego Veiga

c) Nomeados polo reitor

1. PABLO SUÁREZ DÍAZ (COMITÉS) en substitución de D.^a Iria Varela Parafita
2. JOSÉ MARÍA CASTRILLO NEIRA (IESGA) en substitución de D.^a Sonia Tusset Castro
3. NURIA VIEIRA SOUSA (Xunta de persoal-PAS) en substitución de D.^a Teresa González Martínez

Así mesmo, o reitor dá conta dos nomeamentos de Enrique Martínez Ansemil como valedor universitario e de Luis Fernando Rodríguez, como representante da UDC no comité directivo do Campus do Mar.

O reitor explica a nova candidatura da UDC ao Campus de Excelencia Internacional, que coa denominación de *Campus T* foi presentada onte aos medios de comunicación. A nova candidatura reforza a nosa candidatura do ano pasado, tanto na calidade da súa formulación académica e científica como nas agregacións con outras universidades. Aínda non saú a convocatoria anual.

Deu conta o reitor do *Consejo de Universidades* do 17 de marzo, en que se analizou o borrador de Estatuto do PDI. O reitor informa da mecánica negociadora liderada polo Ministerio de Educación, con que se pretende desbloquear esta norma. Tamén se comentou a situación creada pola STS sobre



a denominación do grao de *Enxeñaría de Edificación* da Universidade de Antonio de Nebrija. Estamos nun período de incerteza xurídica, á espera de que se cree xurisprudencia do Tribunal Supremo respecto das denominacións deste grao.

No Consello Galego de Universidades do 7 de marzo anunciouse a presentación en vindeiras datas do borrador da Lei galega de universidades.

No Claustro do 25 de marzo de 2011, coa sesión complementaria do día 31 de marzo, produciuse por vez primeira a elección do novo valedor universitario, renovándose a composición doutros órganos estatutarios e aprobándose a Memoria do reitor do ano 2010.

O Reitor dálle os parabéns ao equipo de rugby feminino da UDC, por se proclamar subcampión de España.

Na súa quenda, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que, desde o anterior Consello de Goberno, imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2010 no expedientes V-0001-11, V-0002-11 e V-0003-11 por importes de 179.752,48 €, 976.257,70 € e 89.962,78 €. A Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 24 de marzo validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2011 por importe de 1.077.183,48 € no expediente C-0002-11.

Na súa quenda de informe, a Xerencia sinala que, tras as eleccións sindicais do pasado día 24 de marzo, se constituíu a Xunta de Persoal – PAS funcionario, en que resultou elixida presidenta D.^a Nuria Vieira Sousa e secretaria, D.^a Manuela Pinazas Rego.

Infórmase tamén de que, en execución do acordo de mobilidade interuniversitaria do PAS funcionario das universidades galegas, a UDC puxo á disposición das outras dúas universidades galegas as 2 prazas correspondentes ao ano 2011, unha en administración xeral no campus da Coruña e no primeiro semestre e a outra en bibliotecas no segundo semestre e no campus de Ferrol. Para a primeira destas prazas, unha vez feita a consulta ás universidades de Santiago de Compostela e Vigo non hai solicitudes, polo tanto cubriuse a praza con persoal interino.

A UVIGO pon tamén a disposición do acordo as 2 prazas que lle corresponden, e ten pendentes do ano 2010, quedando pendentes ás de 2011, estas prazas correspondéronlle a solicitudes da Universidade de Santiago de Compostela.



A USC pon á disposición do acordo as 2 prazas correspondentes ao ano 2011, que, con toda probabilidade, estarán a disposición no mes de xullo e corresponden á Universidade da Coruña.

En relación co punto 15 da orde do día e de acordo co procedemento electoral remitido aos membros do Consello de Goberno, o secretario xeral dá conta das candidaturas definitivas presentadas en tempo e forma ás comisións delegadas do Consello de Goberno e que figuran no **anexo III**, e informa ao Consello nos seguintes termos:

1. Comisión de Organización Académica e Profesorado

No sector de ESTUDANTES non é preciso efectuar eleccións ao presentarse igual número de candidaturas que postos que hai que cubrir.

No sector de profesorado preséntanse igual número de candidaturas que postos que hai que cubrir no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas. No ámbito de Ciencias da Saúde preséntanse tres candidaturas para un só posto, polo que é preciso realizar votación en urna entre as tres persoas candidatas do dito ámbito:

D. Pedro Gil Manso
D. Francisco Alonso Tajés
D.^a Rosa Meijide Failde

2. Comisión de Investigación

No sector de ESTUDANTES non é preciso efectuar eleccións ao presentarse igual número de candidaturas que postos para cubrir.

No sector de profesorado preséntanse igual número de candidaturas que postos para cubrir en Ciencias da Saúde e Ensino Técnico. No ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas preséntanse tres candidaturas para dous postos polo que é preciso realizar votación en urna entre as tres persoas candidatas do dito ámbito:

D. José Manuel Sobrino Heredia
D. José Manuel Busto Lago
D.^a Pilar Uriz Tomé



3. Comisión de Asuntos Económicos

Nos sectores de ESTUDANTES e PAS non é preciso efectuar eleccións ao presentarse igual número de candidaturas que postos para cubrir.

No sector de profesorado preséntanse **só catro candidaturas polo que queda un posto vacante.**

4. Comisión de Extensión Universitaria

Nos sectores de ESTUDANTES e PAS non é preciso efectuar eleccións ao presentarse igual número de candidaturas que postos para cubrir.

No sector de profesorado preséntanse **só tres candidaturas, polo que queda un posto vacante.**

5. Comisión de Plan de Estudos

Non é preciso efectuar eleccións ao presentarse igual número de candidaturas que postos para cubrir nos tres sectores.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, Xosé Portela manifesta que, respecto da remisión de documentación do Consello de Goberno ás listas PAS, na acta recóllense expresións non ditas polo secretario xeral na sesión do 25 de febreiro, ao que replica o secretario xeral que a acta recolle fielmente o contido das deliberacións, invitándoo a solicitar por escrito, se o estima oportuno, aclaración ou recurso, para ser contestado en dereito.

Sen máis aclaracións, apróbase a acta por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (5), convenios específicos (16) e convenios para prácticas (55) e que cumpriron



todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Calendarios académicos do curso 2011-2012

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións propón que se aprobe o calendario académico para grao e mestrado e o calendario de titulacións en período de extinción, indicando que todos os calendarios están consensuados coas outras dúas universidades do SUG.

O profesor Alberto Valderruten quere que conste a preocupación respecto do acceso dos estudantes de primeiro por mor da convocatoria da selectividade de setembro, que non se adapta ao EEES. Critica a ausencia de vontade política da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e solicita que se insista na Xunta sobre este punto.

A profesora Marisa Sánchez Simón expón un punto de vista sindical sobre a modificación dos calendarios dos traballadores docentes, dado que segundo a súa opinión, debería ser negociada cos traballadores, no ámbito que corresponda, por afectar ás súas condicións de traballo. Insiste en que as titorías deben ser cualificadas como docencia.

O profesor Horacio Naveira pregunta se na CIUG se fixeron xestións no sentido sinalado por Alberto Valderruten, para variar o calendario de selectividade de setembro.

A profesora Rosa Meijide manifesta tamén a súa inquedanza sobre os segundos prazos de matrícula en mestrado e grao, polos desaxustes que causan no aproveitamento académico dos estudantes.

A profesora Teresa López tamén se refire aos calendarios de preinscrición en mestrados, que son excesivamente axustados, e prexudican o estudantado. Non ten a solución ao problema, pero considera que debemos facer unha reflexión conxunta de cara a buscar esa solución.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, en quenda de réplica, responde ás distintas inquedanzas precisando que, en todas as reunións que se mantiveron coa Consellaría desde a implantación dos graos e mestrados, as tres universidades veñen subliñando os desaxustes que provoca a convocatoria de setembro da selectividade. Por parte da Consellaría, nunca houbo cambio de



postura, tanto no anterior goberno como no actual. A CIUG, por outra parte, non ten capacidade legal para mudar as convocatorias da selectividade, e de feito consta a súa postura coincidente coa das tres universidades galegas. Insiste en que se seguirá facendo a presión necesaria desde as tres universidades para ir adaptando o calendario.

A vicerreitora sinala tamén un par de modificacións que se introducen na proposta que se somete á consideración do Consello de Goberno.

Tras o debate anterior, acéptanse as propostas de calendarios por asentimento do Consello de Goberno e que figuran incorporadas á presente acta do seguinte xeito:

Calendario académico curso 2011/2012 para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) como **anexo V**.

Calendario académico curso 2011/2012 para titulacións non adaptadas ao EEES (en extinción) como **anexo VI**.

Calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios para o curso 2011/2012 como **anexo VII**.

5. Proposta de límite de prazas curso 2011-2012

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón a proposta de límite de prazas para o vindeiro curso, que a UDC elabora todos os anos por pedimento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Intervén o profesor Xosé Manuel Casabella sobre o límite de prazas en arquitectura.

O estudante Federico García (Comités) expón que os Comités non cren no límite de prazas da Universidade, estiman que hai que preparar os centros para poder satisfacer a demanda de estudantes nos termos de Boloña (grupos reducidos, medios tecnolóxicos etc.), polo que adiantan os seus tres votos en contra ao punto.

Sometida a proposta en cuestión a votación, que figura como **anexo VIII**, apróbase por 34 votos a favor, 5 en contra e 2 abstencións.



6. Denominación de títulos propios

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón que a proposta de denominación de títulos propios (“Título superior en...”) responde á necesidade de buscar unha denominación que non induza a confusión. Ademais, remarca que se trata dunha proposta que se consensuou entre as tres universidades galegas e a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

O profesor Xosé Manuel Casabella considera a proposta desacertada, por xerar moita confusión cos títulos oficiais. Fala do seu título propio de Arquitectura de Interiores e critica que se fixera unha proposta sen consenso coa Escola de Arquitectura.

Federico García está de acordo co profesor Casabella, e pregunta se se contou coa Escola de Arquitectura para facer a proposta.

Julio Abalde entende que a proposta é válida, por non confundirse coa denominación das titulacións oficiais, e por coincidir en todo o sistema universitario galego, o que axuda a facer máis transparente o conxunto da oferta formativa das tres universidades.

Anxo Calvo adhírese á opinión de Abalde. Non lle gusta o cambio, pero ao ser unha denominación única para todas as universidades, pode servir para unificar a terminoloxía a nivel galego, algo que ten un valor importante.

Visto o anterior debate, o reitor retira o punto da orde do día para poder madurar un consenso arredor da proposta e invita os membros do Consello de Goberno a que fagan propostas até o vindeiro Consello de Goberno.

7. Prazas de profesorado

O vicerreitor expón as prazas de PDI contratado que foron achegadas na documentación e que se aprobaron no seu día coa mesa sindical e coa COAP.

Respecto da praza de PDI funcionario (titular de universidade da Área de Filoloxía Latina), explica que se trata dunha proposta que trae causa da acreditación dun contratado doutor e dos acordos acadados no convenio colectivo de PDI laboral.

Apróbanse por asentimento dos presentes segundo figuran no **anexo IX**.



Marisa Sánchez Simón aproveita neste punto para sinalar que hoxe se publicou no *Diario Oficial de Galicia* o II Convenio colectivo único de PDI laboral das tres universidades do SUG.

8. Tribunais de profesorado funcionario

O vicerreitor de Profesorado solicita que se aprobe o tribunal de acceso á praza de TU de Filoloxía Latina que figura no **anexo X**, coa corrección de erro de que o profesor Fernando González Muñoz aparece na documentación como catedrático de universidade, cando debe figurar como titular de universidade.

Apróbase por asentimento.

9. Licenzas

Hai dúas solicitudes xa aprobadas pola COAP (Manuel Pimentel Pereira e Roberto López-Iglesias Sanmartín), e outra de Raquel Martínez Buján, que solicita unha estadía de tres meses no Centro Internacional de Investigación da Universidade de Leeds. O vicerreitor propón que se aproben as tres, e o Consello aproba a proposta por asentimento conforme figura no **anexo XI**.

10. Renovación de profesorado emérito

O vicerreitor explica a solicitude de renovación do contrato de profesor emérito do doutor José Luis Meilán Gil.

Federico García (Comités) transmite a opinión dos estudantes da Facultade de Dereito, no sentido de que o marco de restrición orzamentaria aconsella que non se renovase esta praza, para poder destinar os recursos económicos a outras prioridades docentes.

Amelia Fraga (IESGA), en representación tamén dos estudantes de Dereito, indica que na Universidade de Oviedo teñen requisitos máis estritos para as renovacións, e piden saber canto cobra o profesor emérito.

O vicerreitor di que é un contrato laboral remunerado, cuxo importe é a diferenza entre a pensión máxima de xubilación e a última retribución que tivo dereito a percibir o funcionario en servizo activo. Indica tamén que os Estatutos foron modificados no ano 2007 para reducir os períodos dos eméritos, mais debido a que o contrato de emérito do profesor Meilán foi asinado antes desa reforma, non se pode aplicar retroactivamente tal limitación. Indica o vicerreitor que se aprobaron unhas normas para fixar os requisitos de



renovación, que se cumpren sobradamente neste caso e que, nestes momentos, ao existir só tres contratos de profesor emérito, se trata dunha contía económica perfectamente asumible, que se compensa con creces cos retornos que, en termos de experiencia académica e investigadora, achegan estes profesores á Universidade da Coruña.

Sagrario López Poza insiste tamén en que os profesores eméritos son un investimento beneficioso para a Universidade, pois achegan sexenios, produción científica, contratos de investigación, contactos académicos etc, polo que debemos coidalos.

Xabier de Salvador engade, con todo, que o profesor Meilán leva oito anos de emérito, e que hai outras formas de colaboración coa Universidade ademais das figuras de emérito. Solicita que se vote o punto.

O vicerreitor insiste en que nestes momentos só hai tres profesores eméritos, polo que considera que non son un problema económico en absoluto, e achegan unha valiosa experiencia e capacidade científica e investigadora. Lembra que o profesor Meilán Gil cumpre sobradamente cos requisitos, e cos informes favorables do departamento, do centro e da COAP. Finalmente, indica que a votación, por afectar a unha persoa, deberá ser secreta.

Solicita intervir a profesora Teresa López, quen engade que, a pesar de os debates suscitados seren ben interesantes, o Consello de Goberno debe aterse á actual normativa para resolver a solicitude de renovación do profesor Meilán Gil, pedindo o voto favorable, tal e como fixo na COAP previa.

Sometida a cuestión a votación secreta, apróbase por 27 votos a favor, 12 en contra e 2 votos en branco e que figura no **anexo XII**.

11. Solicitudes de anos sabáticos curso 2011-2012

Apróbanse as solicitudes que figuran como **anexo XIII** coa condición de que os solicitantes confirmen formalmente o compromiso de cobertura da súa docencia entre os profesores do departamento.

12. Recurso de premio extraordinario de licenciatura de Alba Estraviz Fernández

Apróbase por asentimento rexeitar o recurso administrativo, nos termos da proposta sometida ao Consello de Goberno que figuran no **anexo XIV**.



Amelia Fraga, representante de estudantes de IESGA, fai constar o seu voto contrario á desestimación do recurso, por considerar que a solicitante tiña dereito ao premio extraordinario.

13. Normas provisionais para a instrución e resolución dos procedementos disciplinarios de estudantes

O secretario xeral toma a palabra para explicar o sentido da proposta que figura como **anexo XV**, que se aproba por asentimento.

14. Posicionamento da UDC sobre o proxecto de Residencia Universitaria

Tras unha exposición do reitor sobre o posicionamento, o secretario xeral dá conta das modificacións que, respecto da documentación inicial, e como consecuencia dun texto enviado polos estudantes dos Comités, se produce no texto que se somete ao Consello de Goberno, e que pasa a ser distribuído entre os seus membros.

Federico García solicita engadir, tras á “vista dos anteriores antecedentes”, o inciso “E por iniciativa do estudantado”, aprobándose a proposta.

O texto final que figura no **anexo XVI** apróbase por unanimidade.

15. Renovación das comisións delegadas do Consello de Goberno

Realízase a votación das candidaturas definitivas aos postos vacantes nas comisións delegadas, tal e como foi exposto no Informe por parte do secretario xeral.

O escrutinio, proclamación definitiva de electos e a composición final das comisións incorpóranse respectivamente como **anexos XVII, XVIII e XIX**.

16. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda de intervencións, que comeza Amelia Fraga (IESGA) para denunciar a situación de precariedade laboral do persoal do SAPE. Denuncia tamén que a Oficina de Relacións Internacional non funciona ben. En relación coas bolsas, dan as grazas ao equipo de goberno por aumentar a contía das bolsas de biblioteca e colaboración nos departamentos.



O profesor Primitivo González pregunta como se determinan os profesores competentes para realizar os exames das materias de primeiro curso das titulacións en extinción.

O profesor Ramón Cervantes solicita que se poñan máis taboleiros de anuncios na Reitoría para non pór documentación nas paredes.

Xosé Portela dálle a razón á estudante de IESGA sobre a precariedade laboral do SAPE, pois trátase de postos que se apoian con convenios, e cando rematan non se incorporan á RPT. Congratúlase tamén da sinatura do Convenio colectivo de PDI laboral das tres universidades, e sinala que desde o día 6 do mes de abril hai un traballador menos na Facultade de Ciencias do Deporte, o que levou a que o propio decano fixese unha denuncia pública da situación. Igualmente, engade que a Universidade incumpre a obriga prevista no artigo 64 do ET, e pide a renovación da representación do Consello de Goberno no Consello Social.

A profesora Rosa Meijide solicita aclaración sobre a renuncia da UDC á creación da facultade de medicina, que saíu recentemente nun medio de comunicación. O reitor aclara que as opinións do presidente do Consello Social non son as opinións da institución. O Consello Social non ten postura oficial sobre o punto. O reitor considera, do resto, moi respectable a opinión do presidente do Consello Social.

O vicerreitor de Ferrol informa sobre a residencia universitaria de Ferrol. O estado actual da cuestión é a aprobación do Concello de Ferrol da cesión dunha parcela no cuartel Sánchez Aguilera para construción da residencia. Está publicado o PERI de Sánchez Aguilera, de modo que só falta que o Ministerio de Defensa asine o convenio de cesión ao Concello de Ferrol do edificio de Sánchez Aguilera.

A xerente contesta, por alusións, que se ben hai unha persoa menos na quenda de mañá na conserxaría do INEF, tratase dunha circunstancia excepcional, ben coñecida polo Comité de Empresa. Tradicionalmente había 4 persoas en quenda de mañá e 3 en quenda de tarde. Explica as razóns que levaron a que se perdera un efectivo na quenda de mañá. Gustaríalle que houbera máis dotacións de persoal, pero a situación orzamentaria non o permite. Aclara que a Xerencia lle ofreceu ao centro redistribuír os efectivos entre quendas. Respecto dos traballadores do SAPE, recoñece que tradicionalmente se veu contratando con cargo a convenios con distintas consellarías. Di que na RPT proposta ían incluídos os técnicos do SAPE como persoal laboral, pero como é sabido, a RPT non foi aceptada polas asembleas de traballadores.



Non lle constan problemas de persoal na ORI. Todos os postos están dotados, agás unha praza de auxiliar administrativo con idiomas, que está dotada e incluída na RPT. Descoñece se existen problemas doutra natureza.

A vicerreitora de Estudantes e RI sinala que somos conscientes dos problemas do SAPE.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións contéstalle ao profesor Primitivo González que no momento da elaboración do POD se enviou unha instrución sobre as materias que se extinguen, en que se aclara que deben ser os departamentos os que deben sinalar que profesorado vai ser responsable dos exames e cualificacións desas materias.

Portela replica que a dotación histórica se reduce de seis a cinco. A xerente subliña que iso non é verdade, e aclara o que aconteceu con eses postos historicamente.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:05 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
José María Barja Pérez